




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rías de Ares e Betanzos. Concello: Paderne; Betanzos; Bergondo.
Parroquia: Na marxe dereita da ría, de norte a sur: San Pantaleón das Viñas; Santa María de Souto;
e San Martiño de Tiobre. No fondo da ría, de este a oeste: San Martiño de Bravío, Santa María e
Santiago de Betanzos e Santiago de Requián. Na marxe esquerda do esteiro, de sur a norte: San
Pedro das Viñas, Santa María de Pontellas; San Salvador de Bergondo; e San Vicente de Moruxo.
Extensión: 20,45km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Gran unidade de esteiro, consistente nun aparello fluvial, afundido e anegado polo ascenso do nivel relativo do mar. Debuxa así as ladeiras medias e baixas do citado val fluvial, curso baixo dos ríos Mendo e Mandeo. Ampla chaira litoral parcialmente anegada e cuberta por sedimentos intermareais e marismas, denotando o avanzado proceso de colmatación do esteiro. As ladeiras de encaixe son suaves, progresivas e de perfil convexo na marxe oriental. Na parte occidental da unidade esta regularidade esvaécese debido á degradación fluvial da superficie de aplanamento antigo dos 100/200m. No SO e S, na parte distal da ría, os relevos encóntranse máis disectados ou compartimentados por cursos fluviais que seguen liñas de debilidade tectónica e encáixanse na superficie antiga costeira. As pendentes das ladeiras crecen. Inclúe o EIX Marismas da Ría de Betanzos.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio da "Serie de Ordes", con materiais metamórficos xistos, de idade precámbrico-silúrica. Homoxeneidade só interrompida por un pequeno enclave de metaperidotitas en facies anfibolita ou granulita antehercínicas no extremo SE de Betanzos. En Cardosas e As Margaridas, ao oeste da unidade, afloran dous enclaves de granitoides. O Cuaternario cobra grande importancia na unidade. Destacan os depósitos costeiros intermareais e de marismas, principalmente de idade holocena. Tamén son de importancia os depósitos aluviais dos vales do Mendo e Mandeo.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A pesar do gran tamaño da unidade ten unhas condicións climáticas bastantes homoxéneas, de feito adscribíse na súa totalidade ao dominio climático Cálido e Subhúmido. A temperatura media anual supera os 15°C, sendo lixeiramente inferior nas marxes montañosas do esteiro, e a oscilación térmica media sitúase entre 12,5°C e 13,5°C. As precipitacións acumuladas ao longo do ano rexistran valores medios de 1000mm a 1200mm.

OS SOLOS

A parte central da unidade, a intermareal e de marisma, desenvolve un fluvisol tiónico. Un cambisol eútrico aparece nas vertentes que enmarcan este esteiro, agás polo noreste onde unha ampla e suave concavidade presenta un fluvisol háptico. Un umbrisol dístrico, solo menos evolucionado, aparece no extremo noreste da unidade, en Couto de Souto, Monte da Croa e A Croa de Illobre. Regosois, aínda máis pobres, desenvólense no Castro de Vixoi e A Infesta. Por último, o extremo centro-oeste da unidade presenta tamén un cambisol eútrico. A vila de Betanzos introduce coa súa actividade os antrosois no seu núcleo urbano e as superficies industriais anexas.


AS AUGAS

Esta unidade ocupa a cunca baixa do Río Mandeo que se caracteriza por desenvolver unha densa rede fluvial. A principal rede de tributarios chega pola marxe esquerda destacando en primeiro lugar a amplo val que forma o arroio de Xaralleira e os seus afluentes Modelo e Callou, e cara ao sur o Río Mendo que conflúe á altura do núcleo de Betanzos. Pola dereita chegan os arrosios de Caraña, da Picha e xa preto da desembocadura o Rego da Fonte. O complexo sistema de augas continentais verte á masa de Augas de Transición do esteiro do Mandeo (20469).

O PATRIMONIO NATURAL

Grande unidade con carácter de esteiro, desembocadura dos ríos Mandeo e Mendo e outros menores, presenta unha fronte na que destacan os hábitats intermareais e de marisma. Así, aparecen moi extensas superficies dos ambientes 1110 e 1140, definidores das chairas lamacentas e/ou areosas intermareais e submareais, e das marismas, grupo 13. Moitos dos tramos con marisma enlazan co continente mediante un cantil baixo que debe ser adscrito ao hábitat 1230 de cantís costeiros con vexetación das costas atlánticas. Área fortemente transformada polos usos agrícola, urbano e silvícola, existen numerosas manchas de frondosas caducifolias, mixtas e puras, que dan ámbito aos hábitats de bosque ripícola (91E0), e de carballeiras e soutos, 9230 e 9260. A elas únense numerosas áreas de recolonización arbórea tamén de frondosas. Nas masas ripícolas destacan as de Rego da Fonte e Rego Baltar, Rego da Picha e Rego da Nogueiras. Nas masas mixtas destacan as de Pontellas, Rois, Mariñán e Tiobre.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O gran tamaño desta unidade, e a multitude de usos e actividades que aquí se desenvolven fan dela un territorio complexo. En liñas xerais, en superficie predomina o uso agrícola, como vestixio do que antes era basicamente unha explotación agraria do territorio, pero tamén é destacable a presenza de masas forestais, ben sexan de repoboación de frondosas, de vexetación mixta de caducifolias ou de bosque ripícola. Estas masas presentan unha certa continuidade cando están asociadas ás canles dos ríos ou nas cotas máis elevadas dos montes que delimitan a unidade (O Pereirón ou Coto do Souto ao leste, Monte Babío ou ladeira sueste de Monte de Aldao ao oeste, Coto de Xanrozo ao sur). No fondo do esteiro enclávase a cidade de Betanzos e o seu porto, achegando usos residenciais, industriais e terciarios. Por outra banda, a chaira intermareal é a base de actividades de marisqueo.

MORFOLOXÍA

O núcleo máis importante desta paisaxe é a cidade de Betanzos, no extremo sur, considerado como Núcleo de Identidade Litoral (NIL). Fundada en 1219 sobre o antigo castro de Untia, a estrutura da cidade testemuña o seu esplendor medieval, podéndose ler na súa trama os sucesivos crecementsos e, na súa arquitectura, a súa evolución económica. Os desenvolvementos recentes desbordan os límites tradicionais cun tecido menos compacto e introducen patróns urbanos extensivos. No resto do territorio, pequenos asentamentos compactos tradicionais distribúense a ambos os dous lados da ría, xeralmente a media ladeira nos vales dos cursos menores entre os 50 e 100 metros sobre o nivel do mar, entre os que cabe destacar por ser considerado NIL, a Souto (Paderne). Os seus crecementsos recentes tenden, na maioría dos casos, a estirar a superficie do núcleo ao longo das vías de comunicación, mediante tipoloxías de vivenda unifamiliar xa desvinculadas da explotación da terra.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

As principais vías de comunicación que percorren a unidade fano en sentido lonxitudinal. Na vertente este de o Mandeo a N-651 (Betanzos-Ferrol) discorre a 50 metros sobre o nivel do mar. No lado occidental da ría é a AC-161 a que transcorre desde Betanzos cara ao norte, conectándose ao cruzar o río Miodelo coa C-0804 (que segue a liña de costa até a Ponte do Pedrido) e continúa cara ao interior en dirección a Bergondo. As estradas que unen os núcleos se apoian en antigas vías tradicionais. A autoestrada AP-9, atravesa a unidade de SO a NE cun nó de acceso de forte presenza no territorio. A vía de ferrocarril, cuxa chegada supuxo un revulsivo para a cidade a principios do s.XX, atravesa o núcleo e continúa pola vertente este de a ría, moi próxima á súa costa a 15 metros de altitude. O porto de Betanzos tivo unha grande importancia histórica, consecuenta coa da cidade. Na actualidade ten unha actividade predominantemente comercial.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Entre o patrimonio arqueolóxico cabe apuntar o Castro de Carriño, o Castro do Monte (ou de Illobre) ou o Castro de Untia, onde se sitúa Betanzos. O seu casco antigo está catalogado como "Conxunto Histórico Artístico" desde 1970 pola súa integridade e valor cultural. Destacan as igrexas de Santiago, e exemplos de Bens de Interés Cultural como a igrexa de Santa María de Azogue e a igrexa conventual de San Francisco, grandes exemplos de arquitectura gótica galega. O Xardín do Pasatempo, levantado polos irmáns García Naveira a finais do s.XIX, supón unha increíble contorna construída con valores recreativos e didácticos. No resto do territorio áchase o Santuario das Angustias, pazos como o de Mariñán (BIC), Babío ou o de Casal, e innumerables elementos etnográficos (casas, muíños, lavadoiros...). Betanzos é atravesado polo Camiño Inglés de Santiago, con entrada polo Arco da Ponte Vella e saída pola Ponte das Cascas, sobre o río Mendo. Merece ser destacada igualmente a ponte do Pedrido, exemplo de enxeñaría integrada no territorio que constitúe un fito de referencia.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Trátase dunha singular paisaxe de fondo de ría cunhas formacións intermareais que, aínda que non son exclusivas no conxunto da Costa do golfo Ártabro, presentan características diferenciadoras pola súa extensión e pola relación que manteñen coa cidade de Betanzos. A presenza deste núcleo no extremo sur caracteriza funcional e visualmente o territorio, á vez que serve para pechar a escena, xunto cos claros límites xeográficos que, especialmente cara ao oriente, delimitan a unidade paisaxística. O resto do territorio estrutúrase mediante unha malla de asentamentos menores asociados ás súas respectivas agras de cultivo, que están na actualidade fragmentadas pola presenza de masas forestais illadas e novos crecementos residenciais extensivos. É unha unidade de grande extensión e con numerosos vales menores vinculados ás canles tributarias do Mandeo, especialmente na marxe esquerda do mesmo, o que reduce sensiblemente a influencia da ría nos asentamentos máis occidentais.

DINÁMICA DA PAISAXE

A ría de Betanzos era tradicionalmente unha paisaxe intensamente traballada, aproveitando a alta fertilidade das terras baixas próximas ás chairas lamacentas intermareais. Isto reflíctese na estrutura parcelaria do terreo, xa que as parcelas necesitan ter un maior tamaño conforme se afastan da ría, ladeira arriba, para manter os rendementos agrícolas. Na vertente occidental da ría, a densa rede fluvial e a óptima orientación cara ao sur favoreceron a actividade agraria, e con iso a aparición de numerosos núcleos de poboación. Esta lóxica tradicional de organización do territorio, que respondía as características físicas e minimizaba as alteracións humanas no mesmo, foise abandonando conforme a importancia dos labores primarios reduciase na sociedade. Ao non aparecer novas actividades que substituísen estas dinámicas en retroceso, os asentamentos tradicionais experimentaron un crecemento moi reducido que pasaba a concentrarse en Betanzos, reforzando o seu papel centralizador na comarca. As novas infraestruturas de comunicación, como a autoestrada AP-9, supoñen novas relacións funcionais con territorios máis afastados.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A ría de Betanzos supón unha paisaxe de excepcional valor ecolóxico, xa que é o mellor exemplo de sistemas intermareais de chaira lamacenta que figuran no conxunto do Golfo Ártabro, non só pola súa variedade de fauna e vexetación senón tamén pola súa extensión (con case oito quilómetros de lonxitude). A súa longa tradición colonizadora permite, ademais, entender como os diferentes modelos de organización do territorio se superpoñen na súa lectura, sen borrar necesariamente as trazas anteriores, para obter unha visión complexa do conxunto. As conexións visuais máis interesantes que se xeran nesta paisaxe son fundamentalmente lonxitudinais, dadas as características xeográficas do mesmo, e permiten unha relación entre Betanzos, no fondo da ría, e as partes máis exteriores da mesma, aínda que non directamente até a desembocadura no mar. Transversalmente, os dous bordos do río están relacionados mediante multitude de puntos de observación oblicuos, que favorecen un entendemento global do conxunto do sistema. O alto interese ambiental desta paisaxe está salvagardado a nivel internacional mediante a súa inclusión no Lugar de Interese Comunitario Betanzos- Mandeo. A importancia cultural e patrimonial da cidade de Betanzos foi recoñecida coa catalogación do seu centro histórico como "Conxunto Histórico Artístico" en 1970.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCÍONS








A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Núcleo do Pedrido, de carácter tradicional, pero de uso basicamente residencial non vinculado coas actividades rurais, co obxectivo de integrar os baleiros como elementos xeradores de trama ou estrutura física e funcional, optimizar a integración das infraestruturas presentes, especialmente a subestación eléctrica, minimizar a presión sobre a praia e a marisma e mellorar deste xeito a calidade escénica e ambiental deste lugar.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:28.145

0 100 200 400 600 800
Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



